

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Modificación do lugar e hora de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo, mediante o sistema de oposición, dunha praza de auxiliar administrativo (OEP 2022 Ordinaria)

ANUNCIO

Modificación do lugar e hora de realización do Primeiro Exercicio, Proba Tipo Test, da oposición do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de Auxiliar Administrativo incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2023/E001/000023 – AUXILIAR ADMINISTRATIVO. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Por Resolución da Alcaldía núm. 1544/2025, do 30/05/2025, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de Auxiliar Administrativo incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Publicouse anuncio da aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antedito no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 106, do 05/06/2025, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Na dita Resolución, convocouse as persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio da oposición, PROBA TIPO TEST, que tería lugar o vindeiro 1 de xullo do 2025 ás 11.30 horas, no PAVILLÓN CEIP FOGAR (Vila de Noia, s/n, Carballo).

Se ben, por circunstancias sobrevidas, o Tribunal Selectivo entende que é preferible un cambio de localización ao IES ISIDRO PARGA PONDAL e un atraso na hora de realización do exercicio pasando a ser ás 11.45 horas.

Polo que, por Resolución da Alcaldía núm. 1695/2025, do 11/06/2025, resolveuse o seguinte:

« Segundo ao antedito, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o lugar e hora de convocatoria das persoas aspirantes para a realización do **primeiro exercicio da oposición, PROBA TIPO TEST**, que terá lugar o vindeiro **1 de xullo do 2025 ás 11.45 horas, no IES ISIDRO PARGA PONDAL** (Rúa Muíño da Pintura, 4, Carballo).

Segundo.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).»

En Carballo, 11 de xuño de 2025

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2025/3889